

RESOLUCIÓN REITORAL, DE 20 DE XULLO DE 2017, POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES DE AXUDAS ECONÓMICAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA A DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE

Pola Resolución reitoral, de 26 de maio de 2017 fíxose pública a convocatoria de axudas económicas para a divulgación das actividades dos Grupos de Innovación Docente.

Unha vez efectuada a revisión das solicitudes presentadas, de cara a comprobar o cumprimento dos requisitos de admisión previstos nas bases da convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

- Aprobar a publicación da listaxe definitiva de axudas económicas admitidas e excluídas para a divulgación das actividades dos Grupos de Innovación Docente.
- No Concepto III: Participación en congresos. Sufragarase a participación en congresos que se desenvolvan entre o 26 de maio de 2017 e o 1 de novembro de 2017.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 20 de xullo de 2017

O REITOR

Por Delegación (R.R. de 29/06/2017-DOG 10/07/2017)

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana María Graña Rodríguez

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saida Nº. 201700012050
21/07/17 09:49:05

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS

Concepto I: Xeración de materiais docentes para a docencia universitaria

Sufragarase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, artigos relacionados directamente coa docencia, tradución e software con finalidade docente.

- ALITES (Actualización en Literatura Española)
Antonio Chas Aguión
- DESIRE (*Design Thinking Innovation & Research*)
Manuel J. Fernández Iglesias
- GID M3C (*Desarrollo del Laboratorio Mecátrónico LEGO_MINDSTORMS en casa*)
Julio Garrido Campos
- HIPATIA
M.^a de las Nieves Lorenzo González
- GIDEITT (*Grupo de innovación docente para la enseñanza de la Ingeniería de Tecnologías de Telecomunicación*)
Martín Llamas Nistal
- I2DH (Investigación e Innovación Docente en Historia)
Julio Prada Rodríguez

Concepto II: Actividades de divulgación docente

Sufragarase a elaboración de xornadas, conferencias e cursos que poderán estar destinadas á comunicade universitaria ou á sociedade.

- INNOVA *Derecho*
Pablo Raúl Bonorino Ramírez
- GETLT (Grupo de estudos das tecnoloxías da tradución)
Óscar Díaz Fouces
- INDBIO (Innovación Docente en Bioloxía)
M.^a Jesús Iglesias Briones
- BIOS (Bioloxía, innovación, organización e síntese)
Manuel Megías Pacheco
- Calidade e seguridade alimentaria
Jesús Simal Gándara

Concepto III: Participación en congresos

Sufragarase a matrícula e a indemnización por razón de servizo.

- Educación científica, sustentabilidade e xénero
María M. Álvarez Lires
- MDAP (Medios dixitais e aprendizaxe participativa)
Alberto Dafonte Gómez
- EDU-INNO
María Dolores Dapía Conde
- Docencia aberta. *Open Teaching*
Xosé María Mahou Lago
- Colaboración coa contorna
Jorge Marcos Acevedo
- I+I=C Innovación máis Investigación Igual a Calidade
José Vicente Novegil Souto
- Aprendizaxe manipulativa da física
José Benito Vázquez Dorrió

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

- Enerxía eléctrica. En.e
José Cidrás Pidre
Non cumpre coa base II da convocatoria. So poderán solicitar axudas as persoas coordinadoras dos 28 GID, aprobados pola COAP ata o 24 de marzo de 2017.
- RED-IS (Rede Educativa Docente-Innovar en Sociedade)
José Luis González Crespón
Non cumpre coa base V da convocatoria. A solicitude foi presentada no rexistro o día 22 de xuño de 2017 cando o prazo remataba o 20 de xuño de 2017 ás 14 horas.
- O ensino da física nas enxeñarías industriais
Fernando Ribas Pérez
Non cumpre coas bases I e VIII da convocatoria. As aplicacións orzamentarias non sufragan materiais inventariables.
- Innovación Docente en Empresa
Beatriz González Vázquez
Non achega suficiente información para valorar a proposta no apartado “Resumo da proposta en que se investirá a axuda”.